

## DECRETO. Aprobación das bases de participación no Sada Comercio 2020,

Visto o expediente tramitado para aprobación das bases de participación no Sada Comercio 2020 a instancia da Concellería de Promoción Económica, Turismo e Emprego que terá lugar os vindeiros días 28 e 29 de Marzo do presente ano, examinadas e achadas conformes as Bases correspondentes, esta Alcaldía vén en resolver:

PRIMEIRO: Prestar aprobación ás Bases para a celebración do Sada Comercio 2020.-

SEGUNDO: Ordenar a continuación do proceso coa publicación das bases na web e no taboleiro informativo municipal.-

### <<BASES DE PARTICIPACION NA FEIRA SADA COMERCIO 2020>>

#### 1.- Obxeto:

As presentes bases teñen por obxeto establecer as condicións e o procedemento de outorgamento da autorización da ocupación de terreos de uso público para instalación de diferentes postos de venda de diversas mercadorias, na carpa situada a tal fin na Praza dos Irmáns Suárez Picallo, os días 28 e 29 de marzo do presente ano. O número mínimo de postos requeridos para levar a cabo o evento serán dun mínimo de quince e un máximo de trinta, podendo tomar parte nesta feira calquera establecemento ou comerciante do Concello de Sada que presenten a solicitude en tempo e forma. Os participantes poderán solicitar ata dous postos por persoa física ou xurídica (debendo aboar dobremente a taxa, nese caso); no caso de que as solicitudes superen o número máximo de postos habilitados, o segundo posto solicitado concederáse por sorteo entre os solicitantes.

#### 2. Normativa reguladora

As instancias solicitando tomar parte na Feira Sada Comercio 2020 presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, na Sede Electrónica de Sada (sada.gal) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O pago da taxa regulase pola ordenanza fiscal nº 16, reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreo de uso público, industrias da rúa e ambulantes e rodase cinematográfico.

#### 3. Inscripción , prazo de presentación e documentación requirida

O prazo para presentar as solicitudes será do 09 ó 13 de marzo de 2020, ambos inclusive ( en horario de 09:00 a 14:00 horas, no caso de presentar á solicitude no Rexistro do Concello de Sada). A ficha de inscrición poderá recollerse no Rexistro do Concello no horario anteriormente indicado.

As solicitudes deberán enviarse no modelo de inscrición debidamente cumprimentado (Anexo I), xunto con fotocopia do DNI e o recibo do pago das taxas.

As taxas abonaránse no seguinte número de conta, indicando o **nome da persoa** que vai ser titular do posto e o concepto "TAXAS- SADA COMERCIO 2020":

**ABANCA ES 40 2080-5161-85-3110007604**

A cuantía a ingresar será de 30€ por día.

#### 4. Montaxe e Horarios

A montaxe levarase a cabo o día Sábado 28 de marzo de 2020 a partir das 08:00horas.

A desmontaxe levarase a cabo o día Domingo 29 de marzo a partir das 21:00h.

O horario de venda ao público os días da feira será das 11:00 ás 21:00 horas o sábado e de 12:00 ás 21:00 horas o domingo.

Os participantes comprométense a cumprir co horario de apertura e peche sendo este ininterrompido.

A organización garante o servizo de seguridade nocturna dentro da carpa o día 28 de marzo (dende as 22:00 ás 10:00h. do día seguinte).

A organización non se fai responsable do contido do posto no horario de apertura da feira.

A organización facilitará os puntos de conexión eléctrica.

#### 5. Asignación de Espazos e ubicacións da Feira

A asignación dos espazos corre a cargo da organización, buscando o consenso cós e coas participantes; en caso de non acadarse, será por sorteo debido as limitacións do espazo existente.

O espazo máximo a ocupar será de 3x3 m<sup>2</sup>.

A distribución dos postos poderá ser modificada por este Concello por causas organizativas.

#### 6. Aceptación de Solicitudes

A organización resolverá as solicitudes e notificará a concesión de posto os días 18 e 19 de Marzo do presente ano.

## 7. Servizos Facilitados

- 7.1.- Carpa tipo Igloo de dimensións 20x50 m<sup>2</sup> instalada na Praza Irmáns Suárez Picallo.  
 7.2.- Puntos de luz na Feira.  
 7.3.- Taboleiros, mesas e cadeiras para os participantes e para o desenvolvemento de actividades institucionais.  
 7.4.- 4 Probadores.  
 7.5.- Cartelería identificativa que sirva de información do evento. Elementos decorativos que potencien a uniformidade nos postos dos distintos participantes e no recinto da carpa en xeral.  
 7.6.- A organización disporá diversos contedores de lixo no recinto.  
 7.7.- A organización non se responsabilizará dos roubos ou danos que se poidan ocasionar.  
 7.8.- Seguridade nocturna.

**8.-** A organización reservase o dereito a dar por finalizada a actividade de calquera posto que non se adapte ós requisitos establecidos nesta convocatoria.  
 O envío da solicitude (Anexo I) supón o coñecemento e aceptación das presentes bases. -

SOLICITUDE DE PARTICIPACION NO SADA COMERCIO 2020 (ANEXO I)

NOME DA TENDA:			
NOME DO TITULAR:			
DIRECCIÓN:			CP:
CIF:	DNI:	TLF:	
PRODUCTO OFERTADO:			
MODELO DE VEHÍCULO:			
MATRÍCULA:			
MESA: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	CADEIRAS: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	HAIMA: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	
PUNTO DE LUZ NO POSTO: SI <input type="checkbox"/>		NON <input type="checkbox"/>	

DATOS DO REPRESENTANTE:

NOME:
DNI:

### SOLICITA

Participar no Sada Comercio 2020 que terá lugar nos vindeiros días 28 e 29 de Marzo de 2020.

O/A solicitante manifesta coñecer as Bases de participación e o compromiso de observalas así como a normativa a que debe axustarse a súa actividade.

Asdo.

En Sada a                      de                      de 2020

A esta solicitude deberá acompañarse a fotocopia do DNI e o recibo de pago de taxas.

Sada, 06 de marzo de 2020.-

Asdo.- Laura Rodríguez Pena  
 Concelleira delegada de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

\_\_\_\_\_